

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA A MOBILIDADE DE DOCENTES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CARA O ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR DENTRO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE (PAP) – ERASMUS

CURSO 2011-2012 (2ª convocatoria)

CARACTERÍSTICAS XERAIS DAS AXUDAS

A actividade principal é o ensino impartido por un docente noutra institución de educación superior dun país socio pertencente ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Poderá participar todo o persoal docente da USC.

O persoal docente que participa nun programa de mobilidade debe estar integrado no departamento ou na facultade do centro de acollida. Isto implica que a mobilidade de persoal docente está baseada en acordos interinstitucionais, así como que as institucións de ensino superior socias deben acordar, con anterioridade á dita estancia, o programa de estudos que seguirán os profesores visitantes.

Estas axudas serán compatibles con calquera outro tipo de bolsas e axudas de natureza pública ou privada.

OBXECTIVOS DAS AXUDAS

Os obxectivos xerais da mobilidade de persoal docente Erasmus son:

- Permitir que os estudantes que non poden participar nun programa de mobilidade, se beneficien dos coñecementos e a experiencia de persoal académico de institucións de educación superior doutros países europeos.
- Fomentar o intercambio de competencias e experiencias sobre métodos pedagóxicos.
- Animar ás institucións de educación superior a que amplíen e enriquezan a variedade e o contido dos cursos que ofertan.

DURACIÓN

É obrigatorio impartir alomenos **cinco horas lectivas**.

A duración máxima financiada é de 5 días lectivos ou formativos completos.

DOTACIÓN DAS AXUDAS

A axuda ten por obxecto contribuír a cubrir os gastos de viaxe, estadía e manutención dunha mobilidade para impartir docencia. Non cobre a totalidade dos gastos ocasionados.

A contía das axudas para a mobilidade do persoal docente para impartir ensino estará suxeita aos máximos establecidos pola Comisión Europea.

Esta cantidade comprende dous conceptos: axudas de custo e viaxe.

Axudas de custo

As axudas de custo calcularanse sobre a base de axudas de custo diarias establecidas legalmente, axustándose aos importes máximos establecidos.

Unha semana equivale a 5 días laborais completos. O programa docente debe demostrar que se realizaron actividades relacionadas coa mobilidade, de luns pola mañá a venres pola tarde ou especificar os días completos impartidos.

As axudas de custo pagaranse como unha cantidade global fixa. Pagaranse só os días laborais completos. Non se pagarán as axudas de custo os días de viaxe nin os festivos.

A axuda máxima é de 650 euros.

En ningún caso se superará esta contía, que se distribuirá da seguinte maneira:

Viaxe: 150 euros máximo

Axuda de custo diaria: 100 euros máximo

Exemplos:

Exemplo 1

Estadía de 5 días. As sesións de traballo empezan o día da chegada e finalizan o día da partida.

O beneficiario recibirá 5 días de axudas de custo.

Exemplo 2

Estadía con fin de semana intermedio. Chegada o domingo, traballo luns, martes e mércores,

saída o xoves. Cóntanse 3 días de axudas de custo.

Gastos de viaxe

Os gastos da viaxe calcularanse tendo en conta os gastos da viaxe reais. A contribución económica é unha axuda en concepto de viaxe e non ten por qué cubrir a totalidade do gasto real. En todo caso, a axuda máxima será de 150 euros.

REQUISITOS DOS SOLICITANTES

Os requisitos específicos para participar son:

- O docente ten que formar parte do cadro de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Santiago de Compostela, e estar en situación de servizo activo.
- O docente debe posuír a nacionalidade dun dos países participantes no programa Erasmus, ou estar recoñecido polo país no que reside como residente permanente, refuxiado ou apátrida.

Aquelas solicitudes que non cumbran estes requisitos consideraranse automaticamente rexeitadas.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA PRESENTAR A SOLICITUDE

Os solicitantes deberán presentar no momento de facer a solicitude a seguinte documentación:

- O impreso de solicitude de mobilidade (TS) que se achega como Anexo I desta convocatoria.
- Plan de traballo provisional, segundo modelo normalizado, que se achega como Anexo II desta convocatoria.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes dirixiranse ao Servizo de Relacións Exteriores da USC.

A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral da USC, situado na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela) e no Rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos Administrativos da Biblioteca Intercentros (Avda. de Benardino Pardo Ouro s/n, Lugo). Tamén poderán presentarse nas formas e lugares establecidos na lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria.

ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

A Comisión de Selección publicará, dentro dos 30 días seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes e antes da súa valoración, no taboleiro de anuncios da Reitoría e da Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo, así como na páxina web da USC Internacional (http://www.usc.es/es/gobierno/vrrelins/portal_internacional/erasmus.html), a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos.

Para emendar os defectos da publicación anterior os aspirantes non admitidos e excluídos poderán xustificar o seu dereito a ser admitidos, no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte á publicación, quedando excluídos definitivamente de non facelo.

AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará integrada por:

- O Vicerreitor de Relacións Exteriores e Internacionalización.
- O Coordinador de Relacións Exteriores.
- O Xefe do Servizo de Relacións Exteriores.

A USC levará a cabo a selección dos docentes de conformidade coas directrices proporcionadas polo OAPEE, que son:

- O procedemento de concesión das axudas debe ser transparente, xusto, equitativo, coherente e estar ben documentado.
- A USC adoptará todas aquelas medidas necesarias para evitar calquera conflito de intereses entre as persoas que poidan tomar parte nos órganos ou no proceso de selección e os beneficiarios individuais.
- Co obxecto de garantir a participación do maior número posible de docentes, darase prioridade aos participantes que gocen por primeira vez dunha mobilidade docente.
- Os informes e resultados de pasadas convocatorias de mobilidade poderán ser considerados pola comisión de selección para os efectos oportunos.

OBRIGAS DOS SELECCIONADOS

O docente, no momento de realizar a mobilidade, debe impartir ensino dentro dun plan de estudos de grao superior. Durante a realización da mobilidade, o docente debe estar integrado no departamento ou facultade da institución de acollida, isto supón que:

- A mobilidade do persoal docente Erasmus está baseada en acordos interinstitucionais entre as institucións participantes, cada unha das cales posúe unha Carta Universitaria Erasmus.
- As institucións de orixe e acollida deben acordar previamente un plan de traballo coas actividades que realizará o docente. Este plan deberá incluír os obxectivos e o valor engadido da mobilidade, o contido do plan de estudos e os resultados esperados.
- A aceptación da bolsa por parte da/o beneficiaria/o implica a das normas fixadas nesta convocatoria.

Os desprazamentos non poderán ter lugar despois do 30 de abril de 2012

As/os beneficiarias/os dunha mobilidade deberán presentar a seguinte documentación no prazo máximo dun mes contado a partir da data de finalización da mobilidade:

1. Informe final de resultados segundo modelo normalizado (Anexo III desta convocatoria).
2. Tarxetas de embarque e factura da axencia de viaxes (ou recibo de compra electrónico) ou, de ser o caso, outra documentación xustificativa dos gastos de desprazamento.
3. Plan de traballo asinado pola USC, o docente e a Universidade de acollida segundo modelo normalizado (Anexo II desta convocatoria).
4. Certificado ou constancia da Universidade de acollida de ter impartido un mínimo de 5 horas de docencia segundo modelo normalizado do OAPEE (Anexo IV desta convocatoria).

PROPOSTA DE CANDIDATOS

Efectuada a valoración, a Comisión de Selección procederá á publicación dos resultados da proposta de selección de bolsas, coa indicación dunha lista ordenada das/os candidatas/os seleccionadas/os.

Contra esta proposta as/os interesadas/os poderán presentar alegacións no prazo de cinco días, contados a partir do día seguinte á súa publicación. Transcorrido este prazo e analizadas, de ser o caso, as alegacións, a proposta será elevada a definitiva.

Os taboleiros de anuncios nos que se publicará a resolución definitiva serán o da Reitoría e o da Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo, sen prexuízo da súa publicación complementaria na páxina web da Universidade, no enlace USC Internacional (http://www.usc.es/es/goberno/vrrelins/portal_internacional/erasmus.html).

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela ou Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1988, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Non obstante, as/os interesadas/os poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e ss. da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2011
Por delegación R.R. 01/08/2011 (DOG 18/08/2011)
O Vicerreitor de Relacións Exteriores e Internacionalización




Víctor Millet Schröder